



2016 CAMILO JOSÉ CELA

O CENTENARIO

DUN NOBEL

XUNTA DE GALICIA

Ás nove e vinte da noite do día 11 de maio de 1916, xoves, vin a este val de bágoas na casa do paso nivel de Iria Flavia, concello de Padrón, diocese de Santiago de Compostela, provincia da Coruña, banda de estribor da ría de Arousa, alá onde se atopan os ríos Sar e Ulla [...]

A rosa (Xunta de Galicia, 2002)

**PROGRAMACIÓN
CONMEMORATIVA
DO CENTENARIO DO
NACEMENTO DE
CAMILO JOSÉ CELA**

100 ANOS

DUNHA FIGURA CLAVE

O 11 de maio de 1916 nacía na parroquia de Iria Flavia, Padrón (A Coruña) **Camilo José Cela Trulock**, unha das figuras clave na evolución cultural española, como revolucionario da narrativa e como promotor de proxectos culturais decisivos, especialmente no ámbito literario, onde acadou os máis importantes recoñecementos.

Premio Príncipe de Asturias das Letras en 1987, Premio Cervantes de Literatura en 1995 e **Premio Nobel de Literatura** en 1989, Camilo José Cela abre as portas da literatura española contemporánea con erudición e un dominio lingüístico á altura dos mellores mestres.

Este ano 2016, cando se cumpre o centenario do seu nacemento, representa unha data memorable e unha oportunidade única para divulgar o valor cultural seu do legado.

Coincidindo con este aniversario, así como cos 25 anos da apertura en Iria Flavia da primeira Casa dos Cóengos como Casa-Museo do escritor, a Xunta de Galicia, a través da Fundación Pública Galega Camilo José Cela, en colaboración con diversos organismos e institucións, organiza un completo programa de actividades conmemorativas, coas que facer partícipe desta celebración a sociedade no seu conxunto.

ACTIVIDADES

PARA DIFUNDIR A OBRA DO ESCRITOR

A Fundación Pública Camilo José Cela conmemora o centenario do escritor cos seguintes obxectivos:


- Pór en valor e dar a coñecer a figura, a obra e o legado de Camilo José Cela, así como o contexto cultural e social no que viviu a todos os niveis e para todos os públicos.
- Promover a realización de iniciativas culturais vencelladas co escritor e coa súa actividade literaria, para facer partícipe desta celebración a toda a sociedade.
- Fomentar a investigación, o estudo e o debate científico verbo da traxectoria vital e profesional do Premio Nobel.
- Favorecer un mellor coñecemento da Fundación que leva o seu nome, así como da contorna de Iria Flavia como enclave turístico de interese xeral no nivel local, nacional e internacional.

UNHA CONMEMORACIÓN COMPARTIDA

Son partícipes desta programación conmemorativa, cabo da Fundación Pública Galega Camilo José Cela, diversas administracións e entidades públicas e privadas, como:

- Ministerio de Educación, Cultura e Deporte do Gobierno de España
- Acción Cultural Española (AC/E)
- Biblioteca Nacional de España
- Deputación da Coruña
- Deputación de Guadalajara
- Concello de Padrón
- Fundación Cidade da Cultura de Galicia
- Centro Galego de Artes da Imaxe
- Consello da Cultura Galega
- Fundación Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes
- Universidade de Vigo
- Universidad Camilo José Cela
- Universidad Internacional Menéndez Pelayo-Galicia
- Abanca
- El Corte Inglés

Tamén participarán algúns dos principais expoñentes actuais da vanguardia artística galega e da literatura actual.



PROGRAMA

DE ACTUACIONES

Nesta programación recóllense as principais citas e proxectos promovidos pola Fundación Cela e as entidades implicadas na celebración do centenario do nacemento do escritor, para garantir a máis ampla difusión entre o conxunto da sociedade, que permita multiplicar a súa participación e coñecemento público.

1. EXPOSICIÓNS

2. REFLEXIÓN E PENSAMENTO

3. CELA DIXITALIZADO

4. DIFUSIÓN SOCIAL

1. EXPOSICIÓN

CJC 2016. O CENTENARIO DUN NOBEL

Durante os anos 2016 e 2017 están programados diversos proxectos expositivos en diferentes espazos, co obxectivo de lle achegar á cidadanía a figura e a obra do escritor a través do seu legado.

Destaca dentro desta programación a exposición *CJC 2016. O centenario dun Nobel*, coorganizada con Acción Cultural Española (AC/E) e co apoio de Abanca.

Comisariada por Adolfo Sotelo Vázquez, a mostra afonda no Camilo José Cela narrador, na importancia das novelas e na relación do escritor coa cultura e coa sociedade de cada momento histórico.

- [Biblioteca Nacional de España](#) (Madrid), do 23 de xuño ao 2 de outubro de 2016.
- [Cidade da Cultura de Galicia](#) (Santiago de Compostela), do 11 de novembro de 2016 ao 19 de febreiro de 2017.

EL RUCIO DE SANCHO

Mostra en conmemoración do IV centenario da morte de Miguel de Cervantes, coa colaboración da Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo.

- [Fundación Cela](#) (Padrón, A Coruña), de febreiro a abril de 2016.

COMPAÑÍAS CONVENIENTES. DIÁLOGOS DE ARTE CONTEMPORÁNEOS CO HOME POLIEDRO

Exposición de arte contemporánea comisariada por Paula Cabaleiro, co apoio da Deputación da Coruña.

- [Fundación Cela](#) (Padrón), de maio a agosto de 2016.

O GRAN COLECCIONISTA

Repaso polas múltiples coleccións do escritor que se conservan na súa terra natal.

- [Fundación Cela](#) (Padrón), de maio a agosto de 2016.

ARXENTINA NA VIDA E OBRA DE CJC

Camilo José Cela estará tamén presente no exterior con esta exposición que chegará á Arxentina coincidindo coa designación de Santiago de Compostela como cidade invitada na 42ª Feira Internacional do Libro de Buenos Aires.

- [Buenos Aires](#), abril de 2016.

XOIAS QUE SON REVISTAS. A HEMEROTECA DE CJC

- [Biblioteca de Galicia](#) (Santiago de Compostela), de maio a xullo de 2016.

VIAJE A LA ALCARRIA

Mostra organizada pola Deputación de Guadalajara.

- [Guadalajara](#), verán de 2016.



2. REFLEXIÓN E PENSAMENTO

A Fundación Cela ten como un dos seus obxectivos a investigación da figura, da vida e da obra do escritor, e tamén o contexto histórico, social e cultural no que viviu. Con este fin, colabora con universidades e institucións na realización de diversas iniciativas que favorezan a reflexión e o estudo verbo do Premio Nobel.

CONGRESO INTERNACIONAL

- Cátedra de Estudios Hispánicos da Universidad Camilo José Cela. Madrid.
- Do 16 ao 19 de maio de 2016.

CURSO PARA PROFESORADO

- Centro Territorial de Innovación y Formación de Madrid-Este. Consejería de Educación de Madrid.
- Abril de 2016.

SEMINARIO

- No marco da exposición de arte contemporánea *Compañías convenientes. Diálogos co home poliedro*, na sede da Fundación Cela.
- De maio a agosto de 2016.

CURSO A POLIFONÍA LITERARIA DE CJC (1916-2002)

- Organizado pola UIMP-Galicia na sede da Fundación Camilo José Cela.
- Do 5 ao 9 de setembro de 2016.

XORNADAS DE LITERATURA

- Coordinadas por Javier Pintor, en conmemoración da entrega do Premio Nobel. Na Biblioteca de Galicia (Santiago de Compostela).
- 10 de decembro de 2016.

3. CELA DIXITALIZADO

Para favorecer o acceso en liña ao valioso fondo documental que se encontra na Fundación Cela, colaborárase con diversas institucións para crear espazos web dedicados ao autor, con materiais dixitalizados e textos descritivos que sirvan de referencia para calquera persoa interesada.

EPISTOLARIO

En colaboración co Consello da Cultura Galega dixitalizárase para o seu acceso en liña o epistolario de Camilo José Cela con autores e outras personalidades relevantes da cultura galega.

ARQUIVO FOTOGRÁFICO

A través dun convenio co Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, efectuarase a dixitalización dunha parte do arquivo fotográfico da Fundación, con máis de 3.000 fotografías, para o seu acceso a través dos repositorios web Europeana, Hispana e mais Galiciana, a biblioteca dixital de Galicia.

FONDO DOCUMENTAL

A Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes abeirará unha páxina específica sobre o autor, para a dixitalización e difusión de parte do inxente fondo documental que conserva a Fundación Cela, co apoio da Fundación Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes.

4. DIFUSIÓN SOCIAL

A programación complétase cunha ampla diversidade de actividades de difusión social para espallar entre todos os públicos a obra dun dos autores máis destacados da literatura do século XX.

ACTIVIDADES EDUCATIVAS

A Fundación Cela organiza durante todo o ano unha completa e diversa **programación escolar**, con obradoiros, proxeccións e visitas para o alumnado de infantil, primaria e secundaria. Destaca a programación do Letreseo, en maio, para celebrar as Letras Galegas, o Día dos Museos e o día do aniversario do escritor.

Xunto co Centro Autonómico de Formación e Innovación de Galicia tamén se realizarán actividades destinadas á comunidade educativa, como un **roteiro literario** previsto para o mes de marzo.

LITERATURA E CINE

O Centro Galego de Artes da Imaxe, na Coruña, organiza en outubro de 2016 o **ciclo de cine *Un novelista na pantalla***, co que percorre o paso de Cela pola sétima arte, a través das súas facetas de actor, guionista, produtor etc.

En colaboración co Concello de Padrón, a Fundación organiza entre xaneiro e maio a terceira edición do **club de lectura Anagnose**.

Tamén verán a luz **reedicións**, como a da obra *A rosa*, editada pola Xunta de Galicia, que se presentará o 11 de maio na Fundación Cela, e novas publicacións, como o **cómic** sobre a figura do escritor que editará El Patito co apoio da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

En colaboración coa Fundación José García Nieto e El Corte Inglés, a Fundación Cela convocará unha nova edición dos seus **concursos de microrrelatos e micropoemas**, para favorecer a creación literaria.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Gabinete de Comunicación

Consellería de Cultura, Educación e O.U.

prensa.cultura.educacion@xunta.es

Tlef. 981 957 350 / 981 544 490



Fundación Pública Galega

Camilo José Cela

